

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 22 DE OUTUBRO DO 2007.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintedous de outubro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 15 de Outubro do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a

eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **EXPTE. Nº: RIB/N/72.5/06**

**A JUAN LUIS GONZALEZ VAZQUEZ**, na representación de Casal de Arman S.L, con domicilio na Carrasca nº 4, Maside, para levar a cabo as obras previstas no expediente de legalización para a apertura de establecemento de Turismo Rural no inmovible sito no paraxe denominado “O Cotiño”, Santo André, baixo, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactado polo Arquitecto, Don Carlos Garriga Domínguez.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Acondicionamento de Local para establecemento de Turismo Rural.

**Contía na que se orzan as obras:** 9.663,95 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** O Cotiño. Santo André.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Carlos Garriga Domínguez.

**Nome ou razón social do promotor:** Casal de Armán S.L..

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licencia de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 9.663,95 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras, por importe de 251,26 euros.

**Outras condicións:** A Dirección Facultativa das Obras correrá a cargo do arquitecto D. Carlos Garriga Domínguez e, a Dirección da Execución Material das Obras e a coordinación en materia de Seguridade e Saúde, a cargo do arquitecto técnico D. Celso Guntín Losada.

Conta co Informe Favorable da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense, condicionado a que se cumpran as cautelas que posteriormente se transcriben, de data de Rexistro de Saída de 13 de febreiro de 2007.

Cautelas do Informe Favorable da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense:

- Redución do espazo de aparcamento ó fronte da entrada do edificio, axardinando, completando a proposta, ó ámbito entre a casa e o anexo.
- Substituír a castanea por carballos.
- O seto facelo de érbedos”.

**EXPTE. Nº: RIB/S/211.4/06**

**A GUILLERMO LOPEZ CARBALLAL**, na representación de Connstruccions, Excavacións López Carballal S.L., con domicilio en Francelos, para levar a cabo as obras de Rehabilitación de casa (Casa Fonte Arrastrada) sita na rúa Salgado Moscoso nº 14 , que se realizarán segundo o proxecto Básico e de Execución e anexos redactado polo Arquitecto, Don Luis Antonio Chao Gómez.

**2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Rehabilitación de Casa.

**Contía na que se orzan as obras:**94.636,65 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Salgado Moscoso nº 14.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Luis Antonio Chao Gómez.

**Nome ou razón social do promotor:** Construccions e Excavacións López Carballal S.L..

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate tres(3) anos, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licenzia de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 94.636,65 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 2.460,55 euros.

**Outras condicións:** O citado Proxecto Básico e de Execución e os seus Anexos para a rehabilitación da nomeada edificación están redactados polo arquitecto D. Luís Antonio Chao Gómez; estando o seu cargo a Dirección Facultativa das Obras, e a Dirección da Execución das Obras e a Coordinación en materia de Seguridade e Saúde a cargo do arquitecto técnico D. Marcos Chao Amaro.

As obras a realizar abarcan a actuación integral na edificación, consistente na substitución dos elementos da estrutura horizontal, de madeira, en estado deficiente, có mantemento das fachadas principal, posterior e lateral, adaptación do patín da fachada posterior cara ó patio e distribución completa interior, proxectándose local comercial na planta baixa, unha vivenda en planta primeira e outra en planta segunda e baixo cuberta.

Respecto da documentación presentada:

\* Planos Estado Reformado

- Os voos dos aleiros de cuberta deberán axustarse ós existentes. Na documentación presentada non se axustan o aleiro da fachada lateral e o aleiro da fachada.
- A baixante da fachada lateral, correspondente ás cociña das vivendas, deberá de discurrir polo interior da edificación.

Respecto das Ordenanzas xerais do P.E.P.R.I.:

- Artigo 47.- Fachadas.

- Prohíbese a imitación de materiais de calquera tipo debendo utilizarse estes no seu verdadeiro carácter e sentido construtivo, sen falseamento de fábricas e funcións...

- Cando se trata de restauracións de edificios catalogados atenderase en cada caso á recuperación dos elementos construtivos orixinais...

No Proxecto Básico e de Execución e nos Anexos entregados contéplase a execución dos chanzos da escaleira exterior a base de pedra con pisada de 10 cm. de espesor e tabica de 5 cm. de espesor.

Sen embargo, en base o artigo anterior, enténdese que deberán de executarse os chanzos a base de pezas enteiras e macizas de pedra, similares ós existentes.

- Artigo 51.- CARPINTERÍA EXTERIOR DE OCOS DE FACHADA

...Con carácter xeral conservaranse as carpinterías orixinais de madeira, recuperándoas e repoñendo os elementos en mal estado. Restituíranse progresivamente as que se foron substituíndo sen autorización.

No presente Proxecto Básico e de Execución e nos seus Anexos contéplase a execución de aberturas de admisión para o cumprimento do DB HS 3. Calidade do Aire Interior do Código Técnico da Edificación; sen embargo as citadas aberturas modifican substancialmente o aspecto exterior da carpintería nunha edificación con Protección Ambiental, por elo considerase máis correcto o cumprimento do citado Documento Básico do Código Técnico mediante a colocación de carpintería de clase 0 ou 1, nas que poden utilizarse como aberturas de admisión as xuntas de apertura, segundo o disposto no apartado 3.1.1 da citada sección HS 3.

Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal”.

### **EXPTE. Nº: RIB/N/83.3/05**

**A JOSE BENITO ALVAREZ ESTEVEZ**, con domicilio na rúa Costa Dondamo nº 6, 2ºB, Villagarcía de Arousa, para levar a cabo as obras de derribo e demolición da edificación sita na rúa Avia nº 16, que se realizarán segundo o proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto, Don José Manuel Iglesias Araujo.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Derrubado e demolición.

**Contía na que se orzan as obras:** 1.200 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Avia nº 16.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. José Manuel Iglesias Araujo.

**Nome ou razón social do promotor:** José Benito Alvarez Estévez..

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate tres(3) meses, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 05.10.07, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 42 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 1.200 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalación e obras, coincidindo coa contía xa aboada.

**Outras condicións:** O “Proxecto Básico e de Execución para Derribo e Demolición de Edificación en estado de ruína perigosa” que se presenta está redactado polo arquitecto D. José Manuel Iglesias Araujo, sendo a Dirección de obra a cargo do citado arquitecto. O Estudio Básico de Seguridade e Saúde está redactado polo citado arquitecto D. José Benito Dávila Fuertes.

No Proxecto e solicitude presentados figura a edificación có nº 14 da rúa Avia, enténdese que existe un erro de numeración da edificación, tratándose do número 16, segundo os datos existentes na Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.

Respecto da seguridade dos usuarios do vial público, durante a execución das obras de demolición, respectaranse escrupulosamente as medidas sinaladas no Proxecto, apartado 3.1. da Memoria, así como aquelas outras que a Policía Local considere necesarias:

*“A estrutura o comezo do derrube estará rodeado dunha cerca, reixa ou muro de altura non menor de 2,00 m. as cercas situaranse a unha distancia do edificio non menor de 1,50 m. Cando dificulten o paso, disporanse ó largo do cerramento luces vermellas, a unha distancia non menor de 10 m. e nas esquinas.*

*Protexeranse os elemento de servizo público que poidan ser afectados polo derrube, como bocas de rego, tapas e sumidoiros, árbores, farolas, etc.*

*Nas fachadas que den á vía pública situaranse proteccións tales como redes, lonas, así como unha pantalla inclinada, ríxida, que recolla os cascotes ou ferramentas que poidan caer. Esta pantalla sobresairá unha distancia non menor de 2,00 m...”*

Previo o inicio das obras deberá presentar o Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde e deberá solicitarse permiso de ocupación da vía pública ós efectos de informe da Policía Local”.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **CONDICIÓN URBANÍSTICAS.-**

**Expte: RIB/N/94/07:** Vista a solicitude de **Dona Cristina Gómez Dobarro**, con domicilio na rúa Eduardo Pondal nº 1, 4º dcha, Ourense, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa San Martiño nº 4, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 18.10.07, que literalmente di:

“A nomeada edificación atópase situada dentro da delimitación do Casco Histórico de Ribadavia, estando contemplada no Plan Especial de Protección e Reforma Interior (P.E.P.R.I.) como de **Protección Ambiental**, no que se refire ás tres primeiras plantas, coa obriga de demoler a última planta; polo que segundo a súa Ficha Particular do Catálogo, que se adxunta, deberá cumprirse o seguinte:

- TIPO DE OBRAS: *Ordenanzas.*
- **Artigo 21. Obras Permitidas:**  
*Melloras e conservación*  
*Reformas*

*Demolición: Cando condicións de habitabilidade ou estabilidade o aconsellen e así o aprecie a ficha do edificio, conservando sempre a fachada obxecto de súa protección e medianeiras.*

*Sempre serán obras permitidas en todo tipo de edificios as melloras de ventilación, iluminación e de introdución de cociñas e aseos, e en xeral todas aquelas que supoñan unha adaptación ó Decreto 311/1992 sobre supresión da cédula de habitabilidade.*

- **Artigo 20.1. Melloras e Conservación.**

*Son aquelas nas que a súa finalidade é a de mante-lo edificio en correctas condicións de salubridade e ornato sen alterar a súa estrutura e distribución. Inclúense, entre outras análogas o coidado de cornixas e beirís, a limpeza ou reposición de canles e baixantes, os revocados de fachadas, a pintura, a reparación de cubertas e o saneamento de conducións.*

- **Artigo 20.3. Obras de Reforma.**

*Son obras nas que manténdose certos elementos da edificación existente, introdúcense diversos grados de modificacións que poden alterar dende as características estruturais, a distribución e organización xeral, ata as superficies construídas e incluso os trazos tipolóxicos do inmovible. Contéplanse os seguintes grados:*

- **Artigo 20.3.1. Redistribución.**

*Conxunto de obras nas que se permite modifica-la organización xeral do edificio, non que concirne ó número e disposición das unidades habitables que contén, pero de forma que non se modifique a súa estrutura básica, nin se alteren os seus elementos fundamentais (fachadas, escaleiras, patios principais, xardíns, etc.) e non experimente un aumento de superficie construída.*

- **Artigo 20.3.2. Reestruturación.**

*Son as que afectan ós elementos estruturais do edificio causando modificacións na súa morfoloxía, consustancialmente obras de nova planta realizadas para substituír parte dun edificio que por razóns de deterioro, falta de integración da base organizativa do mesmo ou razóns doutra índole aconsellen a súa demolición. En función da intensidade das obras, distínguense:*

*20.3.2.1. Obras de Reestruturación Parcial*

*Cando a obra realízase sobre parte dos locais ou plantas do edificio, para que unha obra poida ser considerada dentro deste grado é preciso que non se varíe a superficie total do inmovible, que se manteñan as fachadas de rúa e que as cruxías externas só se vexan afectadas por obras de redistribución. A superficie global edificada non debe supera-la que agora existe.*

*20.3.2.2.- Obras de Reestruturación Total ou de Renovación*

*Cando a obra afecta ó conxunto do edificio, chegando ó baleirado interior do mesmo. En edificios catalogados (só está permitido en protección ambiental) deberanse manter ademais das fachadas, os muros medianeiros e por conseguinte o sistema tipolóxico estrutural. Estas obras estarán suxeitas ó réxime de obras de nova planta, salvo naqueles preceptos que sexan de imposible cumprimento como consecuencia do mantemento de fachadas. O volume comprendido entre as súas novas fachadas e cuberta non superará o da situación orixinaria, salvo situacións de maior aproveitamento previstas na ficha de planeamento.*

- **ALTURAS:** *Segundo a ficha particular, mantéñense as alturas existentes, coa salvedade, recollida nas Observacións: “Demolerase a planta en ampliación”.*

- **OCUPACIÓN:** Ordenanzas.

- **Artigo 38. Superficie Ocupable:**

*En edificios catalogados como ambientais permitirase a ocupación do 100% sempre que se respecten as condicións de habitabilidade, tanto da propia finca como das colindantes.*

- ALINEACIÓNS EXTERIORES: *Segundo a ficha particular, mantéñense as existentes.*

- ALINEACIÓNS INTERIORES: Ordenanzas.

- **Artigo 36. Alineacións Interiores:**

*As alineacións interiores quedan reflectidas no plano de aliñacións, cando elo se considere oportuno.*

*Nos restantes casos, manterase a división parcelaria existente e a aliñación fixarase por aplicación do fondo máximo edificable.*

- **Artigo 39. Fondo edificable:**

*En obra nova establécese un fondo edificable de 12 m. Coa salvedade de que sempre debe quedar un patio ó fondo con dimensión de 3 m. perpendicular a fachada.*

- USOS DA EDIFICACIÓN: Deberá cumprirse o Título VI das Ordenanzas do P.E.R.I., sobre Condicións de Uso.

- **Capítulo I. Usos da Edificación:**

*Serán de aplicación en todo o ámbito do Plan Especial.*

*Como criterio xeral manteranse os usos actuais, precisándose as excepcións na ficha correspondente, así como seu uso público e privado.*

*No cadro de usos das ordenanzas quedan recollidos os distintos usos e o seu carácter.*

- OBSERVACIÓNS DA FICHA PARTICULAR:

*Demolerase a planta en ampliación.*

- CONDICIÓN ESTÉTICAS: Deberá cumprirse o Título VII das Ordenanzas do P.E.R.I., sobre Condicións Estéticas.

*Informar que na Oficina de Rehabilitación están a disposición do solicitante unha copia das Ordenanzas do P.E.P.R.I., así como plano de situación do Casco Histórico e plano de Alzado conxunto das edificacións da mazá onde se sitúa a edificación”.*

**CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **don Juan Luis González Vázquez**, na representación de Casal de Arman S.L., con domicilio na Carrasca nº 4, Maside, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para a legalización dun establecemento de Turismo Rural no inmovible sito no paraxe denominado “O Cotiño”, Santo Andre.

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 20 de setembro de 2007, informa a actividade como MOLESTA, e dende o punto de vista

mediambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: a) Instalación dunha cámara separadora de graxas previa entre o fregadeiro da cociña e a rede de saneamento (restaurantes residencias da 3ª idade, .. etc.).Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96 de 22-04-98), Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97), Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico de produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05);b) Se xestionen os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo;) Se xestionen adecuadamente os residuos de construción e/ou demolición ;d) Á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

**CONSIDERANDO:** Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

#### **CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS**

“Vista a solicitude de **don Guillermo López Carballal, na representación de Construccións, excavacións e edificacións López Carballal S.L.**, con domicilio en Francelos, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº 14, baixo, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **don Guillermo López Carballal, na representación de Construccións, excavacións e edificacións López Carballal S.L.**, con domicilio en Francelos, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº 14, 1º, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación

do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **don Guillermo López Carballal, na representación de Construccións, excavacións e edificacións López Carballal S.L.**, con domicilio en Francelos, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº 14, 2º, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### **INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-**

“Examinado o expediente promovido por **don Secundino Yañez Fernández, na representación de Autoestampaciones Galicia S.A.U.**, con domicilio na rúa Pérez Cepeda nº 5 e 7, A Coruña, en virtude da instancia nº3197 de data 29 de xuño de 2007, solicitando licenza municipal para a construción e funcionamento dunha nave industrial nas parcelas 27 a 38 do Parque Empresarial de San Cristovo, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona .- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Secundino Yañez Fernández, na representación de Autoestampaciones Galicia S.A.U., para a legalización a construción e funcionamento dunha nave industrial nas parcelas 27 a 38 do Parque Empresarial de San Cristovo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

#### **LICENZAS DE OCUPACIÓN.**

“Visto o escrito, de data 16.10.07, presentado por don Guillermo López Carballal, na representación de Construccións e Excavacións López Carballal S.L. con domicilio en Francelos, no que presenta documentación técnica con visado de data 16-10-07 e solicita a licenza de primeira ocupación do edificio sito na rúa Rodríguez de la Fuente s/n, desta Vila.

Vistos os informes técnicos, a documentación presentada con data 16-10-07, o certificado final da Dirección da obra do arquitecto Luis A. Chao Gómez e documentación anexa obrante no expediente.

Vistos os informes técnico e xurídico obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- A concesión da Licenza de primeira ocupación a don Guillermo López Carballal, na representación de Construccións e Excavacións López Carballal S.L., parao edificio sito na rúa Rodríguez de la Fuente s/n, desta vila.

Segundo. – Notificar o presente acordo o interesado.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“ Da Secretaria Xeral da Emigración, Resolución de data 4 de outubro pasado, concedendo subvención para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Galega”.

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución do expediente de aproveitamento de 765 l/seg de auga do río Avia, no punto coñecido como “Tafona”, do T.M. de Ribadavia, con destino a molinería, solicitado por Antonio Freijido Blanco”.

-“ De Gestima S.L., escrito comunicando a marcha da explotación da concesión do parking sito na Alameda do Concello”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **8º PROGRAMA DE REHABILITACION INTEGRAL ACTUACIONES AÑO 2007. CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-**

En relación co financiamento de actuacións de Rehabilitación encabadas na Area de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia declarada no marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito o 17 de xaneiro de 2006 entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Vivenda para aplicación do Plan Estatal 2005-2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a Memoria e orzamento das actuacións relativas o 8º Programa de Rehabilitación Integral. Actuacións ano 2007 do Casco Histórico de Ribadavia, redactada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda.

##### **APROBACION DE CERTIFICACION DE OBRA.-**

A Xunta de Goberno Local, os efectos de xustificar a subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, por unanimidade, presta aprobación a Certificación núm. 1 da obra denominada “Melloras na Sede da Policía Local” realizada polas Arquitectas Dona Mercedes López Alvarez e Dona Susana Alberte Sendín, por importe de 24.971,50 euros.

**APROBACION DE CONVENIO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e a Asociación Recreativa Santa Marta, para utilización do polideportivo municipal “O Consello” e o pavillón municipal de “Maquians”.

**APROBACION DEL PADRON DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DA BEIRARÚA.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Padrón da Taxa pola entrada de vehículos a través da beirarúa correspondente o período 2007, por importe de 7.197,57 euros.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.